

| MODALIDADE SIMPLE | | | | |
|-------------------|---|-------------------------|-------------------------|-------------------------|
| CATEGORÍAS | 1º PREMIO | 2º PREMIO | 3º PREMIO | 4º PREMIO |
| A | LOTE DE NADAL+ VALE 30€ | LOTE DE NADAL+ VALE 20€ | LOTE DE NADAL +OBSEQUIO | LOTE DE NADAL +OBSEQUIO |
| B | LOTE DE NADAL+ VALE 30€ | LOTE DE NADAL+ VALE 20€ | LOTE DE NADAL +OBSEQUIO | LOTE DE NADAL +OBSEQUIO |
| C | LOTE DE NADAL+ VALE 30€ | LOTE DE NADAL+ VALE 20€ | LOTE DE NADAL +OBSEQUIO | LOTE DE NADAL +OBSEQUIO |
| D | LOTE DE NADAL+ VALE 30€ | LOTE DE NADAL+ VALE 20€ | LOTE DE NADAL +OBSEQUIO | LOTE DE NADAL +OBSEQUIO |
| E | CEA NO CASTELO DE SOUTOMAIOR + VALE 30€ | LOTE DE NADAL+ VALE 20€ | LOTE DE NADAL +OBSEQUIO | LOTE DE NADAL +OBSEQUIO |

| MODALIDADE TRIDIMENSIONAL - VOLUMINOSA | | |
|---|------------------------------------|---|
| Modalidade VOLUMINOSA (postais con volume ou tridimensionais) | Categoría T1 (5-8 anos) | 1º PREMIO - LOTE DE NADAL + VALE 30€ 2º PREMIO - LOTE DE NADAL+ VALE 20€ 3º PREMIO - LOTE DE NADAL + OBSEQUIO |
| | Categoría T2 (9 -12 anos) | 1º PREMIO - LOTE DE NADAL + VALE 30€ 2º PREMIO - LOTE DE NADAL+ VALE 20€ 3º PREMIO - LOTE DE NADAL + OBSEQUIO |
| | Categoría T3 (13 a 17 anos) | 1º PREMIO - LOTE DE NADAL + VALE 30€ 2º PREMIO - LOTE DE NADAL+ VALE 20€ 3º PREMIO - LOTE DE NADAL + OBSEQUIO |
| | Categoría T4 (a partir de 18 anos) | 1º PREMIO - LOTE DE NADAL + VALE 30€ 2º PREMIO - LOTE DE NADAL+ VALE 20€ 3º PREMIO - LOTE DE NADAL + OBSEQUIO |



A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA QUE A PERSOA ACEPTA INTEGRAMENTE ESTAS BASES.

MÁIS INFORMACIÓN E BASES:
Concellería de Xuventude - OMIX, Multiusos (Arcade) TeL- 986 700 822,
omix@soutomaior.com,
www.soutomaior.com/xuventude

HORARIO (de luns a venres): de 15,30 a 20,30 agás o mércores que é de 9 a 14 h.



XVI Concurso postais de Nadal 2017 BASES

SOUTOMAIOR

Obxectivos:

- Apoiar a participación da mocidade no ámbito artístico.
- Fomentar o desenvolvemento da capacidade creativa.

Participantes:

- Poderán participar todas as persoas residentes ou non municipio de Soutomaior.
- O nome das persoas que resulten premiadas coñecerase durante o acto de entrega de premios.



Datos xerais:

A **temática** será o Nadal. Interpretación libre sobre o significado do Nadal representado de maneira creativa e orixinal.

Estableceranse **dúas MODALIDADES** e, en cada unha delas varias **categorías** en función das idades das persoas participantes:

MODALIDADE SIMPLE:

Categoría A: idades de 2 a 4 anos
Categoría B: idades de 5 a 8 anos
Categoría C: idades de 9 a 12 anos
Categoría D: idades de 13 a 17 anos
Categoría E: a partir de 18 anos

MODALIDADE TRIDIMENSIONAL - VOLUMINOSA

(para aquelas postais tridimensionais ou con volume, soamente para estas idades)

Categoría T1: 5 a 8 anos
Categoría T2: 9 a 12 anos
Categoría T3: 13 a 17 anos
Categoría T4: a partir de 18 anos

IMPORTANTE:

No caso de que a postal teña texto, este deberá estar escrito en galego

Cada persoa presentará **unha única postal**, que deberá ser **inédita**.

O tamaño da base das postais en calquera das modalidades non poderá exceder as medidas 40cmx 40 cm. O tamaño deberá ser apto para a exposición e manexable.

As postais que se abran e adquiren volume consideraranse modalidade simple.

A **técnica será libre**. Coidarase a presentación, acabado e calidade.

Prazo de presentación e lugar de entrega das postais:

O prazo de presentación das postais REMATARÁ O 18 DE DECEMBRO ÁS 20,30 HORAS na OMIX.

As postais deberán entregarse dentro dun **sobre pechado na OMIX** e no seu interior introducirase un folio cos seguintes datos persoais do/a autor/a:

- ❖ Nome e apelidos
- ❖ Idade e categoría
- ❖ Lugar de residencia
- ❖ Teléfono de contacto

Importante: os colexios poderán enviar todas as postais xuntas, nun mesmo sobre, sempre e cando, especifiquen claramente os datos das persoas autoras da postal (nome e apelidos, idade, curso, residencia e teléfono de contacto). **OS DATOS NON PODEN APARECER NUNCA NA POSTAL. IDENTIFICALA CUN NÚMERO E ENVIAR LISTADO CON DATOS NO SOBRE DAS POSTAIS.**

Soamente como excepción admitiranse as postais nas que figure o nome do centro educativo aínda que deberá evitarse que apareza. O que **NON debe figurar nas postais e NINGÚN DATO persoal do**

alumnado. As postais catalóganse e así xa sabemos a quen pertencen.

Xurado

O concurso poderá declararse deserto, no seu conxunto ou nalguna das categorías anteriormente mencionadas, se así o estiman os/as membros do xurado. A decisión será pública e inapelable. O xurado premiará catro postais nas categorías A,B,C,D,E e tres postais na categoría voluminosa. O xurado seleccionará 12 postais en cada categoría e o día da entrega de premios chamarase aos/ás autores/as das postais seguindo a orde de maior a menor calidade seguindo os criterios de puntuación. *Se algunha persoa non está presente chamarase á seguinte persoa que figura na lista das doce postais seleccionadas como mellores, en cada categoría.* O xurado estará conformado por persoas expertas e coñecedoras das distintas disciplinas plásticas e da súa execución en relación á idade da persoa participante, así como representantes de colectivos que traballen no ámbito educativo e da ASC. Será presidido pola concelleira de Xuventude ou persoa en quen delegue e, esta non terá voto. Actuará como secretaria e levantará acta da sesión a Técnica de Xuventude.

Criterios de selección

Teranse en conta os criterios xerais especificados nas bases en canto a tamaño e presentación e, ademais:

Calidade e innovación do deseño.
Aplicación e orixinalidade no uso das técnicas.
Acabado da postal.
Creatividade e orixinalidade da idea;

Idade dos participantes en relación á autoría da postal presentada.

O significado da postal en relación ó tema proposto e mensaxe.

Popularidade e funcionalidade no seu uso como postal

Nas postais feitas con fotografías e montaxes de deseño por ordenador especificarase previamente a autoría das fotos porque senón o xurado non pode valorar o traballo realizado pola persoa que presenta a postal (acompañar documento inicial).

Data de entrega de premios

O acto oficial de **entrega dos premios** será o **venres 22 de decembro ás 19,30 no Multiusos, en Arcade.**

No remate, actuación de animación para todos os públicos.

- **Para poder coñecer cales son as postais premiadas e recoller o premio deberase asistir obrigatoriamente ao acto oficial de entrega.**
- Se estas persoas non están presentes ese día ou, no seu defecto, non hai ninguén na súa representación, o premio entregarase á mellor postal que ocupe o seguinte posto, seguindo a orde fixada polo Xurado que seleccionará seguindo os criterios das bases as doce mellores postais de cada categoría.

EXPOSICIÓN DE POSTAIS DE NADAL

Datas: desde o 22 ata o 29 de decembro de 2017

Lugar: Multiusos, Arcade



Premios

Todas as persoas que participen no concurso e que asistan á entrega de premios recibirán **un agasallo**.

